



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, DA CORUÑA E DE VIGO, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE DEMOCRATIZACIÓN DO COÑECEMENTO NO EXERCICIO 2025

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas polo artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, pola que se regula o sistema universitario, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con NIF Q1518001A e sede social no pazo de San Xerome, praza do Obradoiro de Santiago de Compostela.

Don Ricardo José Cao Abad, reitor magnífico da Universidade da Coruña, con NIF Q6550005J, que actúa en nome e representación dela, en virtude do Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, do seu nomeamento, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica de Universidades 2/2023, de 22 de marzo, pola que se regula o sistema universitario e no artigo 36.1.f) dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do



13 de maio, e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro e sede social no Edificio da Real Maestranza de Artillería, Rúa da Maestranza da Coruña.

Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, con NIF Q8650002B, que actúa en nome e representación dela, en virtude do Decreto 110/2022, do 9 de xuño, do seu nomeamento, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, pola que se regula o sistema universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019; con enderezo no Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

Segundo.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social. Conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a dita consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Terceiro.- A Consellería de Política Social e Igualdade e as Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo consideran de interese que as persoas maiores, debido ao aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ao mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que lles faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.



Cuarto.- As Universidades son entidades públicas dotadas de personalidade xurídica e patrimonio propio, que gozan de autonomía, de acordo coa Constitución e a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, pola que se regula o sistema universitario e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, ás que lles corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Son funcións das universidades ao servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e especialmente a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver os fins que se pretenden co fomento do proxecto a financiar a través deste convenio.

En data 23 de abril de 2018 asinouse polos tres reitores das Universidades galegas un acordo para constituír a Rede Galega de Programas Universitarios para Maiores (REGAPUM) co fin de afrontar desde o eido universitario os retos que o envellecemento da poboación do noso país teñen formulado e acadar obxectivos comúns na aprendizaxe ao longo da vida. O Proxecto Democratización do Coñecemento encádrase dentro da dita Rede Galega de Programas Universitarios para Maiores (REGAPUM).

O dito Proxecto de democratización do coñecemento presenta certas peculiaridades en relación ás propostas desenvolvidas polos centros universitarios de xeito individual. Trátase de actividades formativas e de extensión cultural incluídas nos Programas Universitarios para Maiores das Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, destinadas ás persoas de máis de 50 anos, que por diferentes motivos, entre outros os xeográficos e económicos, non poden asistir ás actividades que conforman os devanditos programas de formación para maiores que se imparten nas instalacións universitarias en cada unha das súas sedes oficiais.

As actuacións subvencionables que forman parte do proxecto obxecto deste convenio axustaranse a unha metodoloxía de corte participativa e aberta onde as/os docentes universitarios desenvolverán varias sesións de docencia, teóricas unhas, de conferencia/seminario onde se pretende favorecer o dialogo e participación das persoas asistentes, e outras prácticas con actividades de visita guiada e obradoiros, entre outras, sendo unhas de corte máis humanístico, outras máis científicas e outras artísticas, dependendo das comarcas nas que se leva a cabo o proxecto.



Co Proxecto de democratización do coñecemento conxunto das tres universidades, colaboran activamente distintas administracións públicas de ámbito local, a través da posta a disposición das instalacións necesarias para o desenvolvemento das actuacións obxecto do proxecto.

Quinta.- Tendo en conta, por un lado a especificidade dos programas do proxecto formativo a impartir, o colectivo ao que vai dirixido, persoas maiores de 50 anos e o ámbito xeográfico de actuación, e por outro, a ausencia de entidades alternativas no ámbito territorial de aplicación que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade considéranse razóns que acreditan o seu interese social e queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación do artigo 19.4.c da Lei 9/2007 do 13 de xuño, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade e as Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que lle faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo mediante a concesión dunha subvención de carácter directa por parte da Consellería, para o desenvolvemento por parte das tres universidades do Proxecto de democratización do coñecemento.

O obxectivo principal deste proxecto é favorecer a democratización do coñecemento potenciando e difundido o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de cincuenta anos das comarcas nas que se desenvolverá o dito proxecto. Con este fin desenvólense actuacións específicas que se concretan nos seguintes obxectivos:

- a) Concienciar, ensinar e aprender da presenza da ciencia no día a día nas nosas vidas para revalorizar e profundar no valor do noso patrimonio.
- b) Recoñecer o valor das disciplinas artísticas nas nosas emocións e vivencias.
- c) Adaptar e coñecer as competencias socio-sanitarias dos principios de envellecemento activo.
- d) Acadar unha mellora da calidade de vida, do benestar e da participación a través do exercicio intelectual que require este tipo de formación.
- e) Loitar contra a soidade non desexada e o illamento social das persoas maiores.
- f) Fomentar accións interxeracionais coas persoas maiores.

O proxecto desenvolverase ao longo do ano 2025, entre o 1 de marzo e o 30 de novembro, comprendendo a parte correspondente dos cursos académicos 2024-2025 e 2025-2026, coas actividades formativas e de extensión cultural, descritas na cláusula seguinte, que forman parte dos Programas universitarios para maiores das tres universidades que asinan o convenio dirixido ás persoas de máis de 50 anos que, por diferentes motivos, xeográficos ou económicos, entre outros, non poden asistir ás actividades que conforman ao devandito programa universitario de formación e que se imparten nas instalacións universitarias, en cada unha das súas sedes oficiais.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

1. As actuacións subvencionables comprenden sesións formativas que se desenvolverán en distintos espazos xeográficos de cada unha das comarcas que se relacionan:
 - a) Na provincia da Coruña desenvolverase nas Comarcas do Barbanza, Santiago de Compostela, Betanzos, Bergantiños, Terra de Soneira, Sar, Eume e Ortegal.
 - b) Na provincia de Pontevedra realizarase nas Comarcas de Tabeirós-Terra de Montes, Val Miñor, Deza, Salnés e Morrazo.
 - c) Na provincia de Ourense nas Comarcas do Carballiño, Allariz, Terra de Celanova, Limia, Baixa Limia e Verín.
 - d) Na provincia de Lugo nas Comarcas do Ulloa, Mariña Occidental, Mariña Central, Mariña Oriental, Terra Chá e Lemos.
2. As actuacións que formarán parte do proxecto que se pretende subvencionar a través deste convenio e que impartirán cada unha das tres universidades serán as seguintes:

a) Contidos do proxecto da Universidade de Santiago de Compostela, que consta dos seminarios que a seguir se relacionan distribuídos nas áreas científica, xurídica e humanística e artística:

1º. Área científica:

- Medio ambiente.
- Matemáticas, pídechas a corpo.
- Cambio climático, o que podemos perder.
- Astronomía.
- Necesidades nutricionais e alimenticias.
- Hábitos saudables.
- Informática.
- A Economía Circular: "O novo reto socioeconómico que xa está aquí".
- Biodiversidade.
- Astronomía nun día solleiro: os reloxos de sol.
- Poda de árbores froiteiras, forestais e ornamentais.
- Para que nos serven os insectos.
- Asteroides e meteoritos: o evento de Traspenna.

2º. Área xurídica e humanística:

- A prehistoria das pedras grandes e pequenas.
- Patrimonio eclesiástico da cultura galega.
- As pedras falan.
- As herdanzas en Galicia.
- Modelos de familia.
- Plantas medicinais aplicación e usos.
- Comunica que algo queda.
- Introducción a criminoloxía e política criminal.
- Revisando a historia dende unha perspectiva local (I): poboación, emigración e modernización de Galicia na documentación municipal e na memoria familiar.

- Idadismo: desterrando prexuizos.
- Moda, arte e historia: unha lectura diferente do patrimonio galego.
- A prensa no Val do Ulla e a democratización do coñecemento. Séculos XIX e XX.
- Participación social e comunitaria, para que?.
- Parador de Monforte de Lemos.
- Diego Xelmírez: Patrono das artes.
- A olería popular da Galicia da barreira á praza da vila.
- Malgasto alimentario e pegada ambiental dos alimentos.
- Escolas, alumnos e mestres nas vilas e aldeas de Galicia (1750-1950).
- 500 anos de Historia da fundación do convento de franciscano de Bon Xesús de Trandeiras.

3º. Área artística:

- Introducción á música.
- A música galega.
- Cine como a linguaxe.
- Cultura, folclore e educación: construíndo a identidade persoal desde a tradición.
- A relevancia, a diversidade e a riqueza do patrimonio cultural inmaterial galego: unha aproximación á Historia da Música Galega e aos instrumentos de percusión.
- Historia da fotografía: unha viaxe desde a cámara escura ata a era dixital.

A Universidade de Santiago desenvolverá o seu proxecto nos centros ou nas casas culturais dos concellos da Estrada, Silleda, Vilagarcía, Cambados, Viveiro, Mondoñedo, Monterroso, Monforte, Xermade, Chantada, Taboada, Sarria, Sober, Xinzo de Limia, Verín, Ribeira, Pobra, Rianxo, Muros, Noia, Ordes, O Pino, Porto do Son, Vedra e Teo.

b) Contidos do proxecto da Universidade da Coruña:

O Proxecto de Formación Universitaria para Maiores de 50 anos a desenvolver de cara a esta 7ª edición nas diferentes comarcas e localidades busca revalorizar o patrimonio cultural, social e ambiental da zona, concienciar ás persoas ás que vai dirixido o proxecto sobre a presenza da ciencia no día a día, e recoñecer o valor das disciplinas artísticas a través do coñecemento e as

vivencias. Este percorrido farase a través de diversas áreas temáticas: Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencia e Tecnoloxía e Ciencias da Saúde.

O proxecto a impartir consta de tres áreas a impartir nas diferentes comarcas:

1º. Área de Humanidades e Ciencias Sociais:

- A dirección artística no cine.
- A xestión do común: Unha visión desde a economía e os cómics.
- Literaturas do mundo: unha viaxe á orixe dos libros.

2º. Área de Ciencias da Terra e Tecnoloxía:

- (Bio)invasións en Galicia: mecanismo, impacto e xestión.
- ADN antigo e evolución humana: unha viaxe ao pasado a través dos nosos xenes.
- Descubrindo a Intelixencia Artificial: Retos, Aplicacións e Ferramentas.

3º. Área de Ciencias da Vida e da Saúde:

- Enfermidades cardiovasculares e diabetes.
- O cambio climático, causas e consecuencias.
- Boas prácticas para o coidado do benestar psicolóxico.

A Universidade da Coruña desenvolvera o seu proxecto completo, no ano 2025, nos centros ou nas casas culturais dos seguintes concellos: Baio (Zas), As Pontes de García Rodríguez, Ortigueira, Betanzos, Arteixo e Carballo.

c) Contidos do proxecto a desenvolver pola Universidade de Vigo, que consta dos seguintes seminarios:

- 1º. Saúde e benestar.
- 2º. A saúde é o que importa.
- 3º. Pilates sénior.
- 4º. Como entender os impostos.
- 5º. Supervivencia en materia fiscal.
- 6º. Historia e patrimonio cultural da zona.
- 7º. A soidade non desexada.
- 8º. Intelixencia emocional.

9º. Novas tecnoloxías.

10º. Uso do teléfono móbil como ferramenta tecnolóxica.

11º. Coñecendo a fragilidade.

12º. Hábitos para unha mente saudable.

A Universidade de Vigo desenvolverá o seu proxecto completo no ano 2025 nos centros ou nas casas culturais dos concellos que a continuación se enumeran:

Pontevedra: Covelo, Gondomar, O Rosal e Poio.

Ourense: Allariz, Lalín e Celanova.

TERCEIRA. Obrigas e documentación inicial

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 44 e 46 Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias presentarán, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actuacións a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polos representantes de cada unha das entidades, de non estar incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CUARTA.- Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións do proxecto a subvencionar a través do presente convenio é de **45.496,67 €**, 15.250,00 € pola Universidade de Santiago de Compostela, 15.413,33 € pola Universidade da Coruña e 14.833,34 € pola Universidade de Vigo.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **corenta mil euros (40.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.312E.444.0, que se distribuirán do seguinte xeito:



Universidade de Santiago de Compostela	13.333,34 €
Universidade da Coruña	13.333,33 €
Universidade de Vigo	13.333,33 €
TOTAL	40.000,00 €

Segundo a Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

QUINTA. Obrigas das entidades beneficiarias

1. As Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo deberán cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e deberán cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:

a) Realizar as actuacións que conforman o proxecto obxecto de subvención ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e acreditar a realización do devandito proxecto, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e nos artigos 44 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e no artigos 69 e 71 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; e no disposto neste convenio.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de maiores, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións que conforman o proxecto a subvencionar a través deste convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ás entidades beneficiarias en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan

esixidos no marco do convenio coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións do proxecto obxecto da concesión da subvención a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

g) No deseño e desenvolvemento das actuacións que conforman o proxecto obxecto da concesión da subvención a través do presente convenio incorporarase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

h) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, as Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo deberán subministrar á Administración autonómica toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

SEXTA. *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Segundo o previsto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total das actuacións que conforman o proxecto obxecto de subvención a través deste convenio.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de



xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nas contas correntes da que sexan titulares as entidades beneficiarias nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 40% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 60% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas todas as actuacións do proxecto a subvencionar a través deste convenio

Con carácter previo a calquera pagamento consultarase o cumprimento, por parte das Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña, e de Vigo, das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

Poderase consultar esta información salvo oposición expresa por parte das entidades beneficiarias, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso estas deberán achegar os documentos necesarios para acreditar o seu cumprimento de conformidade co disposto na normativa de subvencións.

OITAVA- *Gastos subvencionables e xustificación*

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2025**.

Só se financiarán os gastos xerados no ano 2025 conforme as actuacións programadas neste convenio

No momento da presentación da xustificación dos gastos, en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2025**, cada entidade beneficiaria presentará a seguinte documentación:

- a) **Informe-memoria** detallado de cada unha das actuacións levadas a cabo e/ou realizadas ao abeiro do proxecto a subvencionar a través deste convenio, acompañado dunha certificación, asinada pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, na que se faga constar:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución do dito proxecto e dos resultados acadados.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

b) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

Cando formen parte da xustificación, documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos a conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación correspondentes a 2025, considerarase xustificado coa presentación dunha addenda á certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control na primeira quincena de febreiro de 2026.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Subcontratación

As Universidades Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, son as beneficiarias directas da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das actuacións que conforman o proxecto obxecto de subvención fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución destas actuacións ata o 40% do importe total da subvención outorgada, de acordo co recollido na memoria económica.

As Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, no seu caso, comunicarán a subcontratación á Dirección Xeral con competencias en materia de maiores da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DECIMA. Inexistencia de relación laboral

As Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo quedan facultadas para designar o persoal necesario para realizar as actuacións do proxecto a subvencionar relacionadas na cláusula primeira deste convenio.



A subscrición do presente convenio non leva consigo ningunha relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións que conforman o proxecto obxecto de subvención a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do proxecto obxecto da subvención, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actuacións que conforman o proxecto obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Ás entidades beneficiarias da subvención regulada nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.



Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións do proxecto formativo a subvencionar.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica de protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia

legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DECIMO QUINTA *Comisión de seguimento.*

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades asinantes do mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de cada unha das Universidades asinantes, designados por cada unha das persoas que representan as partes, así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral con competencias en materia de maiores.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral con competencias en materia de maiores, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

A subscrición deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución do presente convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa, ou se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para as entidades interesadas a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o



acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano ambas partes comparecentes no lugar e data da súa sinatura dixital.

Pola Universidade de Santiago de Compostela

O reitor

Antonio López Díaz

Pola Universidade da Coruña

O reitor

Ricardo José Cao Abad

Pola Universidade de Vigo

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

A conselleira

Fabiola García Martínez